



Merienda del Señor Verde. // **J. S. Castán**

cos acios desmesurados. Todo isto completa o acerto deste álbum de evocacións magrittianas nos seus personaxes coroados de bombín ou hogarthianas nos cans carlino –ou talvez teríamos que evocar o can Frank de *Men in Black?*–. En fin, un gran álbum de todo recomendable. // **Xabier P. DoCampo**

Guernica · Heliane Bernard (texto) e Olivier Charpentier (ilustracións). Enma Lazaré (trad) · Kalandraka, 2008 · 48 páx · 16 euros



A EDITORA GALEGA Kalandraka trae para a nosa lingua un álbum moi conveniente neste momento no que un certo aire de rebelión fronte ao esquecemento interesado sobre dos sucesos históricos máis viles do século XX vén a nos axudar a recuperar a facultade que nos fai humanos: a memoria. Trátase dunha recreación artística do proceso de creación dunha das obras máis grandes da historia da arte contemporánea e un símbolo de loita contra a barbarie.

Olivier Charpentier vains levando polo camiño que imaxina puido seguir Picasso para dar nunha das súas obras máis admiradas e admirábeis. Con trazos de grande ex-

presividade en negros, vermellos e azuis crea unha obra de grande magnetismo para o lector, ao tempo que o texto de Heliane Bernard nos vai levando polo proceso histórico que dará na creación desamuller, dese cabalo, dese touro inesquecíveis que seguen a berrar contra todas as guerras que foron, son e serán. Un moi importante exemplo dese interesante xénero de álbums que son os que nacen da reflexión e recreación da historia da arte. // **X. P. D.**



Santiago · Federico García Lorca, Javier Zabala (ilustracións) · Libros del Zorro Rojo, 2007 · 24 páx · 12 euros



EN 1918, en Fuentevaqueros (Granada), Federico García Lorca escribe a balada *Santiago*, na que narra un paso prodixioso do Apóstolo polos ceos, cabaleiro ao fronte de douscentos guerreiros deixando unha estela, “una cinta de polvillo harinoso y espeso, / un borrón que parece de plata / o de nácar”. Este longo poema é o que converte en álbum o Premio Nacional de Ilustración de 2005, Javier Zabala, para a moi merecente de atención editorial Los Libros del Zorro Rojo.

Zabala crea unha poética paralela e complementaria do texto, fuxindo de calquera redundancia e creando un mundo literario-plástico que, apañando a continuidade das fermosas e vivas cegoñas que atravesan as páxinas do libro, vains levando á compañía da vella coa roca, dos nenos que preguntan, dos guerreiros; proposta gráfica en acuarela, liña de tinta, collage..., que lle permite facer unha destacábel lectura desta obra do poeta mártir.

A todo isto hai que engadir unha garda do propio García Lorca na que pinta un guerreiro con cota de malla que nos demostra até que punto Zabala soubo tomar ao propio Lorca debuxante como punto de partida para o seu máis que meritório traballo. Non esquezamos dicir que este libro obtivo unha mención dos Bologna Ragazzi Award for Children de 2008. // **X. P. D.**